

la voz de la  
**escuela**  
www.prensaescuela.es



VINCENT KESSLER / REUTERS

Sesión de votación en el Parlamento Europeo en la sede de Estrasburgo (Francia)

# Qué hace Europa por mí

Las representaciones de la Comisión Europea y el Parlamento Europeo organizan numerosas actividades en toda la UE con motivo de la celebración del Día de Europa el 9 de mayo

**I** Robert Schuman, ministro francés de Asuntos Exteriores, pronunció la declaración que lleva su nombre el 9 de mayo de 1950. En ella proponía la creación de una Comunidad Europea del Carbón y del Acero (CECA) para regular su explotación en toda Europa. La CECA (formada en su origen por Francia, Alemania Occidental, Italia, Países Bajos, Bélgica y Luxemburgo) fue la primera de una serie de instituciones supranacionales que se convertirían en lo que es hoy la Unión Europea.

En 1950, cinco años después de finalizar la Segunda Guerra Mundial, las naciones europeas todavía estaban luchando para superar sus estragos. Los Gobiernos, decididos a evitar otra terrible contienda, llegaron a la conclusión de que, poniendo en común la producción de

carbón y acero, la guerra entre Francia y Alemania, rivales históricos, resultaría —en los términos de la declaración— «no solo impensable, sino materialmente imposible».

### EL CARBÓN Y EL ACERO

■ «La paz mundial no puede salvaguardarse sin unos esfuerzos creadores equiparables a los peligros que la amenazan».

■ «Europa no se hará de una vez ni en una obra de conjunto: se hará gracias a realizaciones concretas, que creen en primer lugar una solidaridad de hecho».

■ «La puesta en común de las producciones de carbón y de acero [...] cambiará el destino de esas regiones, que durante tanto tiempo se han dedicado a la fabricación de armas, de las que ellas mismas han sido las primeras víctimas».

■ «La importancia de esta propuesta realizada en 1950, cinco años después de la rendición del régimen nazi y ante una Europa devastada por la Segunda Guerra Mundial, radica además en que, al someter las dos producciones indispensables de la industria armamentística a una única autoridad, los países que participaran en esta organización encontrarían una gran dificultad en el caso de querer iniciar una guerra entre ellos».

### COMUNIDAD EUROPEA

La Comunidad Europea, fundada en los años cincuenta del siglo XX, contaba originalmente con seis Estados fundadores. La Unión Europea (UE) es el resultado de la ampliación de contenidos de los antiguos tratados constitutivos de la Comunidad Europea y de las sucesivas ampliaciones con la

adhesión de nuevos Estados miembros. Por eso ha crecido hasta los 28 miembros, y varios Estados más han solicitado su adhesión o se espera que lo hagan en los próximos años.

Para la incorporación de un Estado europeo a la Unión Europea, aquel debe cumplir unas condiciones económicas y políticas conocidas como los criterios de Copenhague, por haberse tomado el correspondiente acuerdo en el Consejo Europeo de 1993 celebrado en la capital danesa.

Ahora bien, la bandera de la Unión Europea (círculo de doce estrellas amarillas sobre fondo azul) fue adoptada por la entonces Comunidad Económica Europea en 1985, y su número de estrellas ha sido y será invariablemente doce, es decir, no tiene relación con el número de Estados de la Unión.

## actividades

- A1. «Tu Europa 2019: ¿Qué hace Europa por mí?». Zona de aprendizaje: juegos, concursos, actividades, intercambios, temas populares: [https://europa.eu/learning-corner/home\\_es](https://europa.eu/learning-corner/home_es)
- A2. Pedir información: aduanas, agricultura, ayuda humanitaria, comercio, cultura, educación, energía, salud, transportes y varios temas más: [https://europa.eu/european-union/topics\\_es](https://europa.eu/european-union/topics_es)
- A3. Documentos importantes: La Voz de la Escuela (3/5/2017): «Primeiro paso á unidade do Vello Continente». Y una información exhaustiva: «Hoxe é o Día de Europa» (La Voz de la Escuela, 9/5/2018).
- A4. La Declaración Schuman: <https://bit.ly/2q17DXB>
- 5. Ideas y actividades: <https://bit.ly/2ppWgJK>

> 4-5

Microplásticos: un largo viaje que urge detener



> 6

Para preparar a celebración das Letras Galegas 2019



> 7

A Axenda 2030 da ONU, un camiño para mellorar a vida



Visita la web de  
**PRENSA-ESCUELA**  
[www.prensaescuela.es](http://www.prensaescuela.es)

# Unha visita virtual ao Parlamento Europeo

**F** De momento, polo menos antes de que finalice o noso curso escolar, vai ser difícil visitar en directo a sede do Parlamento da Unión Europea en Bruxelas, que, nestes momentos, está a animar aos europeos para que participen co seu voto en busca dun futuro cada vez mellor. Pero sempre nos queda unha oportunidade: unha

visita virtual ás súas instalacións e fixándonos tamén nos datos da súa historia, nacemento e desenvolvemento. Logo, en vacacións, se a sorte e o peto económico nos permiten ese luxo, poderemos comprobar alí cunha visita se o que vimos hoxe é certo ou é mellor aínda ao velo en directo. Boa viaxe. > **Jesús Garrido**

## 1. EN DIAPOSITIVAS

A dirección que che facilitamos a continuación contén material (presentacións de diapositivas) que ilustra diversos aspectos da Unión Europea. Estas diapositivas son unha ferramenta útil sobre temas comunitarios para profesores e, por suposto, para estudantes e para calquera persoa interesada en facer unha presentación sobre a UE. Ofrecen explicacións claras sobre ela, que fai e como funciona. Pódense utilizar as diapositivas en clase sen restricións de dereitos de autor nin pagamento de tarifas.

<https://tinyurl.com/y6ltgs85>

## 2. RECURSOS EN LIÑA PARA VISITAR O PARLAMENTO EUROPEO

■ Información sobre as actividades e servizos para visitantes ofrecidos no complexo do Parlamento Europeo en Bruxelas en PDF.

■ Un plano de peto en PDF permite orientarse no complexo do Parlamento Europeo en Bruxelas.

■ Información sobre visitas individuais e de grupo ao hemiciclo do Parlamento Europeo en PDF.

■ Parlamentarium: PDF con información sobre o centro de visitantes do Parlamento Europeo en Bruxelas.

■ Información sobre a visita á Casa da Historia Europea, un museo dedicado á historia europea común en Bruxelas.

Toda a información anterior atoparala aquí:

■ <https://tinyurl.com/yysvm3ry>

## 3. ELIXE O TEU FUTURO (VÍDEO)

Europa enfróntase a moitos desafíos. A través do voto pode elixir a dirección que tomará a Unión Europea no futuro. Dadas as supostas e despois reais sorpresas que produciu o vídeo que recolle directamente o nacemento dun neno como imaxe interrogante sobre o mundo e contorna no que vai vivir, a sala de prensa explicou cal foi o obxectivo da noticia e que ideas están detrás de todo iso. Onde lle tocará vivir e que fará no futuro o neno establece unha correlación co novo espazo de Europa que se pretende conseguir e a cuxa participación invítase a todos animándoos a colaborar co seu voto.

**3.1 Cal é o obxectivo da película?** O obxectivo do vídeo é facernos reflexionar acerca de por que votamos. Canta máis xente vote, máis forza e lexitimidade adquire a nosa democracia. O obxectivo é facer que os europeos sexan conscientes dos valores, emocións e responsabilidades que comparten. Para afrontar os retos globais, os europeos teñen que permanecer unidos e elixir o seu futuro, o dos seus fillos e o dos seus netos



As visitas ao Parlamento Europeo pódense facer en grupo ou individualmente, e hai información dabondo para preparala

votando nas próximas eleccións. En palabras da nena pequena que narra o vídeo: «Cada un de nós pode deixar pegada, pero xuntos podemos marcar realmente a diferenza. Elixo a Europa na que queres verme crecer».

■ <https://tinyurl.com/y2xv9gh6>

**3.2 Cal é a idea que está detrás da película?** Traer un neno ao mundo cambia a perspectiva da vida dos seus pais como ningunha outra cousa. O nacemento dun neno é un momento emotivo, que se complementa cun alto grao de responsabilidade polo futuro benestar do neno. O vídeo documenta a beleza profunda e emocional polos novos europeos que nacen nestes momentos, xusto antes das eleccións. Mostra o nacemento de nenos que herdarán as decisións

tomadas en maio do 2019. Mostra toda a esperanza e alegría que leva e recorda que, desde o momento no que chegamos a este mundo, estamos nel xuntos, e por iso temos que coidalo, tanto de forma colectiva como individual, votando. Noutras palabras, «Unidos na diversidade», o lema da Unión Europea.

■ <https://tinyurl.com/y2hdtrfa>

## 4. CORPO EUROPEO DE SOLIDARIEDADE: OPORTUNIDADES PARA OS MOZOS

Os europeos de entre 17 e 30 anos que desexen traballar como voluntarios ou colaborar en proxectos poden rexistrarse no Corpo Europeo de Solidariedade. O Parlamento aprobou

o 12 de marzo as novas prioridades para o período 2021-2027 do Corpo, cuxo programa incluírá axudas humanitarias fóra da Unión Europea e a participación a tempo parcial. Tamén facilita a inclusión dos mozos que necesitan un apoio adicional, como persoas con discapacidade, con problemas de saúde, de rexións remotas ou inmigrantes.

Ademais, os voluntarios poderán participar en actividades no país, se estas teñen unha dimensión transfronteiriza e inclúen mozos doutros países. O texto final terá que ser negociado e acordado co Consello na próxima lexislatura.

Que é o Corpo Europeo de Solidariedade? O Corpo quere crear oportunidades para que os mozos traballen como voluntarios ou colaboren en proxectos, nos seus propios países ou no estranxeiro, que beneficien a comunidades e cidadáns de toda Europa. O obxectivo é brindar aos mozos a oportunidade de adquirir competencias valiosas para o desenvolvemento persoal, social, cívico e profesional, á vez que axudan a outras persoas. Os proxectos inclúen educación, saúde, protección do medio ambiente, traballo con nenos e persoas maiores, así como con migrantes e solicitantes de asilo. Os mozos de 17 anos xa se poden rexistrar no programa, pero deben esperar para participar nalgún proxecto a cumprir a maioría de idade.

■ <https://tinyurl.com/y6jy42rm>

## 5. DÍA DE EUROPA 2019

Celebrar o Día de Europa 2019 nas institucións europeas, coa xornada anual de portas abertas en Bruxelas o 4 de maio, en Luxemburgo o 9 de maio e en Estrasburgo o 19 de maio. O tema deste ano é «Elixo o teu futuro». As eleccións europeas do 23 ao 26 de maio ofrecen a oportunidade de opinar sobre quen tomará as decisións importantes que afectan á túa vida cotiá. Comprométete a votar, se tes idade para facelo, e asume a responsabilidade de cara ao futuro en [estavezvoto.eu](http://estavezvoto.eu):

■ <https://tinyurl.com/lpoy6d5>

# A grande remontada

## Estratexias para enfrontarse con éxito ao fin de curso

✚ Din que a estas alturas da película está todo o peixe vendido. É dicir, que é pouco probable (por non dicir imposible) que aquel estudante que teña suspendido oito materias na segunda avaliación vaia aprobar todo a final de curso... Pero víronse cousas máis raras. Ademais, trátase de facelo o mellor posible: talvez para máis dun sexa un éxito conseguir pasar de curso, contando coa convocatoria de setembro. Mentres que para moitos outros o obxectivo pode ser, nestas últimas semanas de curso, conseguir acabar en xuño cunha media de notable alto. Así que, en todo caso, vexamos que é o que se pode facer para aproveitar ao máximo as seis semanas que quedan de curso. Para empezar:

- Non hai tempo que perder! É momento de concentrarse, de acomodar o mellor posible o lugar de estudo e de facer un esforzo por manterse afastado o máximo posible de móbiles, redes sociais e pantallas absorbentes en xeral. Informar os amigos de que nos imos someter a un esprinte final (e que se agradece que non nos insistan para saír) pode servir de axuda.
- Cubrir un calendario cos días de curso que quedan, exames pendentes, entrega de traballos e materias ás que



MARTINA MISER

Nos exames tipo test é importante saber se os erros penalizan

se vai dedicar cada xornada. Nalgúns casos poida que resulte útil deixar para setembro algunhas materias e centrarse en superar as outras.

- Consegui de forma superurxente todos os apuntamentos, libros, exercicios, mapas, láminas e o resto do material imprescindible para aprobar e que, pola razón que sexa, non se teña.
- Estar moi atento á última clase an-

tes do exame. É moi probable que o profesor dea pistas sobre as preguntas que vai pór no exame ou que insista en repasar tal ou cal contido. Seguro que cae.

- Para estudar, utilizar a técnica de facer chuletas. Só a técnica. É dicir, resumir e esquematizar ao máximo a materia obxecto de exame, seleccionando os contidos fundamentais

ef ESCUELA DE FAMILIAS

□ **TEMA DO MES:** Exames finais.

□ **ETAPA:** Educación obrigatoria.

□ **A FRASE:** «Cando creas que todo está perdido, recorda que aínda queda o futuro, o teu cerebro, a túa vontade e dúas mans para cambiar o teu destino» (anónimo).

□ **PARA SABER MÁIS:** «¿Qué hacer antes de un examen?». Técnicas de estudo en Educaweb: <https://bit.ly/2VFtTKT>

de cada tema e pónoos por escrito. E logo, a memorizar as chuletas (e a deixalas na casa o día do exame, para evitar tentacións).

■ Revisar modelos de exames que se fixeron ao longo do curso ou incluso en anos anteriores. Hai certos temas que sempre caen, ano tras ano.

■ Deixar un tempo para repasar. Aínda que estamos, como quen di, no tempo de desconto, merece a pena incluír os repasos en todo este proceso. Se non se dá este último paso, todo o esforzo terá sido inútil.

> **Ana T. Jack**  
[anatjack@edu.xunta.es](mailto:anatjack@edu.xunta.es)

## Para cada tipo de exame, unha técnica diferente

### EXAME ESCRITO

#### A favor

- É o exame co que os estudantes están máis familiarizados
- Hai certa liberdade para estruturar e expor o tema

#### En contra

- Hai que ter claras as ideas
- Hai que saber redactar e sintetizar

#### Favorece ao estudante que ten...

- Capacidade para relacionar contidos
- Boa redacción
- Bo dominio da materia

#### Atragoaráselle ao que...

- Ten unha caligrafía pouco lexible
- Comete abundantes erros ortográficos
- Non sabe estruturar a información
- É moi lento escribindo

#### Técnicas máis eficaces para preparalos

- Elaborar esquemas de toda a materia
- Repasar todos os temas
- Ensañar a redacción

#### Isto é o que hai que facer o día do exame

- Ler con calma o enunciado e elaborar un guiño do que se vai contestar nunha folla en sucio
- Logo hai que desenvolver esa estrutura
- Nos últimos minutos, repasar e corrigir erros
- Se son preguntas curtas, hai que ser máis sintético e contestar só ao que preguntan

### EXAME TIPO TEST

#### A favor

- Facilita as cousas ao que non ten as ideas demasiado claras
- A corrección é máis obxectiva

#### En contra

- Adoita penalizar os erros
- Hai un tipo de preguntas que poden levar

#### Favorece ao estudante que ten...

- Capacidade para traballar con rapidez
- Coñecementos xustos (sabelo con alfinetes)

#### Atragoaráselle ao que...

- Sabe moi ben a materia e non pode lucirse

#### Técnicas máis eficaces para preparalos

- Hai que ter unha visión xeral de toda a materia
- Memorizar todos os pequenos datos

#### Isto é o que hai que facer o día do exame

- Ler as preguntas con moita atención: os enunciados poden levar a engano
- Se penalizan os erros, non hai que contestar se non hai unha relativa seguridade de acertar. En caso contrario, hai que contestar a todas as preguntas
- Truco para non learse: intentar adiviñar a resposta antes de ler as opcións: se coincide con algunha, seguramente sexa esa a correcta. Se non coincide ningunha, ir eliminando as que non teñen sentido e quedar coa máis probable

### EXAME ORAL

#### A favor

- Serve de estímulo para preparar ben a materia
- Permite que o profesor aclare ou dea pista

#### En contra

- Pode provocar moita tensión, ansiedade
- Hai pouco tempo para reflexionar

#### Favorece ao estudante que ten...

- Boa fluidez verbal
- Rapidez mental
- Dominio da materia
- Carácter tranquilo

#### Atragoaráselle ao que...

- É inseguro, nervioso, con alta dose de ansiedade
- Ten algún problema da linguaxe (de dicción, tartamudez...)

#### Técnicas máis eficaces para preparalos

- Repasar todos os temas en voz alta, primeiro co esquema escrito diante e despois sen el
- Practicar ante outros

#### Isto é o que hai que facer o día do exame

- Mostrar confianza nun mesmo (as tilas axudan)
- Non ter medo a pedir que aclaren o que se pregunta
- Nomear as ideas principais, desenvolvelas e acabar coas conclusións
- En caso de quedar en branco: facerse preguntas sobre o tema, repetir de forma distinta algún aspecto ou resumir o exposto
- Se é posible, usar medios auxiliares: encerado, Power Point...



El primer paso del proyecto Libera para librar de plásticos el planeta es conocer. En la imagen, alumnos y profesor del colegio Alborada desarrollan un proyecto para observar los microplásticos presentes en la ría de Vigo

ÓSCAR VÁZQUEZ

# La basura de plástico debe dejar de crecer

En un lugar de los Pirineos situado a más de cien kilómetros de cualquier posible fuente de emisión, el polvo de plástico, los microplásticos, se deposita en cantidades alarmantes

Imagínate en lo alto en una cualquiera de las altas cumbres de los Pirineos. Has llegado hasta allí por obra y magia de este párrafo. Es lo que tiene la lectura creativa. Hace algo de frío. Lo suficiente como para que notes cómo el viento alivia el sofoco de tus mejillas tras el exigente ascenso, pero no tanto como para que desees bajar de allí cuanto antes en busca de abrigo. La mañana es muy azul. La atmósfera, tan transparente que eres capaz de mirar muy lejos, sobre muchas otras alturas cubiertas de blanco. Es un paisaje muy hermoso.

Pasa sobre ti un águila real. La observas con tus prismáticos. Cuando desaparece en la distancia, te giras en busca de más novedades y descubres a unos pasos a un grupo de científicos que conversan en tono reflexivo alrededor de una especie de embudo alto. ¿Qué harán allí? Caminas hasta ellos, para preguntarles.

«Hemos descubierto algo muy inquietante», te responde uno de ellos. Piensas si no sería mejor no saber de qué se trata. Has visto demasiadas películas en la que esa frase es el preámbulo de problemas que los protagonistas deben afrontar de manera heroica. Y tú no te crees capaz

de heroísmos. Te dices aquello de que ojos que no ven...

Pero el científico continúa hablando: «Hemos descubierto que en este lugar se deposita desde el aire una tasa diaria de 365 partículas de microplásticos por metro cuadrado. Y eso que en cien kilómetros a la redonda no hay ninguna fuente de emisión de este tipo de material». «¿Y cómo han llegado hasta aquí?», le preguntas. «Las ha traído el viento. Son partículas invisibles para el ojo humano, de 25 micras o menos». Por suerte, recuerdas de inmediato haber estudiado que una micra es la millonésima parte de un metro. Así no tienes

## LA OTRA ERRE SE TE OCURRE AL ENCONTRAR UN ENVOLTORIO AL BORDE DEL CAMINO: ES LA DE RECOGER

que pedirle que te lo explique.

El científico añade que ese embudo alto es un recolector de deposición atmosférica. Un sistema para captar el polvo de todo tipo que viaja con las corrientes de aire y se deposita cuando estas pierden fuerza. «¿Polvo de plásti-

co?», preguntas. «Así es», te responde él. Habías oído hablar de las gigantescas islas flotantes de residuos plásticos que no dejan de crecer en los océanos, de los problemas que las bolsas y tantos otros productos ocasionan allí y en muchos otros ecosistemas acuáticos y terrestres a la fauna, de las dificultades de las grandes ciudades para tratar sus residuos de manera adecuada... Pero no de aquello.

### SIETE ERRES

Como ves que está atareado, y que desea volver cuanto antes con sus compañeros, le agradeces su información, te despides de él y echas a andar ladera abajo. Vas pensando, cómo no, en la cantidad de plástico que se produce, usa y tira cada día. En todo el mundo. En tu casa. En el plástico que usas tú. Recitas en voz alta las cinco erres del consumidor responsable: «Reemplazar, reducir, reutilizar, reciclar, recuperar». «¿Hasta qué extremo las cumples de verdad? Se te ocurren otras dos.

Una de ellas es «regular». Sabes que hace unos meses la Unión Europea vetó, a partir del 2021, para que los países tengan tiempo de prepararse, la venta de bastoncillos de los oídos, pajitas y cubiertos de plástico, entre otros productos de un solo uso. Opinabas que debe-

rían promulgarse muchas más leyes de ese tipo, que afectarían a otros productos similares. Pero sabes que las autoridades solo adoptan estas medidas cuando la ciudadanía las reclama con suficiente fuerza. También supones que los fabricantes de esos productos no habrán dejado de presionar para evitar esa ley o reducir sus exigencias o retrasar su aprobación. Recuerdas que dentro de menos de un mes hay elecciones al Parlamento Europeo.

La otra erre se te ocurre al encontrar, al borde del camino, el envoltorio descolorido de una chocolatina, abandonado allí por cualquier excursionista, o quizá traído por el viento. Esa erre es la de «recoger». Te agachas, recoges ese envoltorio y lo guardas en tu mochila. Entonces te sientas un poco héroe. Muy poco. Apenas unas micras de héroe. Lo suficiente, eso sí, para que la sensación te guste.

Decides que a partir de ahora apostarás mucho más por esas siete erres. Y por cuantas otras se te ocurran. Nada más bajar de la montaña buscarás dónde apuntarte para aportar ese tu granito de arena comprometido con la lucha contra la contaminación por plásticos.

> Antonio Sandoval Rey  
asandovalrey@gmail.com



Restos plásticos extraídos del cadáver de un albatros

LAUREN ROMAN / EUROAPRESS

## Microplásticos en lo alto de las montañas

Esta historia que te hemos propuesto imaginar está basada en una muy real: hace pocas semanas, la prestigiosa revista científica *Nature* publicó los hallazgos de una investigación de cinco meses en una estación meteorológica situada en los Pirineos franceses, a unos 1.400 metros de altura. Además de ese depósito diario de 365 partículas de microplásticos por metro cuadrado, lo más llamativo es que, según sus autores, hasta ahora

solo se habían desarrollado mediciones similares en ciudades. Y que los resultados no eran muy diferentes de los obtenidos en aquellas cumbres.

Los microplásticos, claro está, son fruto de la descomposición, tras ser abandonados, o por otros motivos, de muchos tipos de plástico diferentes. También los mares están llenos de ellos.

■ Puedes saber más acerca de esta investigación en: <https://bit.ly/2J2A1Ge>

## Frente a la desatada producción y consumo de plásticos

Según los materiales divulgativos de la iniciativa Libera, el consumo de plástico no deja de crecer. La producción mundial ha pasado de 2,3 millones de toneladas en 1950 a 407 millones en el 2015. Un estudio estima que, de todo el plástico que el ser humano ha producido durante estos 150 años en todo el mundo, el 79 %, está acumulado en vertederos o en entornos naturales.

El mismo estudio refleja que actualmente el 57 % del plástico producido mundialmente acaba abandonado. Todo ello supone un gravísimo problema para la naturaleza, y por lo tanto para la salud. También para nuestra economía, pues cada vez resulta más costoso gestionar esa enorme cantidad de residuos. Algo que, por el momento, debemos pagar entre todos, con nuestros impuestos.

Es por eso por lo que esta situación debe ser afrontada por toda la sociedad, desde los más altos decisores públicos y privados hasta la ciudadanía, en tanto que consumidora de esos productos en sus hogares. Incluyendo, por supuesto, a la comunidad científica, las instituciones



ECOEMBES / EUROPA PRESS

Entre todos podemos colaborar para que el plástico acabe en un contenedor amarillo, y no abandonado

de todo tipo, los diferentes sectores económicos e incluso los centros educativos.

Si deseas saber más acerca del impacto de los plásticos abandonados en entornos naturales en todo el mundo y sus posibles soluciones, aquí tienes un documento de resumen:

■ <https://bit.ly/2NlWdAB>



CARMELA QUEJUEIRO

Alumnos del colegio Galaxia desarrollando una actividad dentro del programa Voz Natura de recogida de residuos plásticos similar a las que propone Libera

## El proyecto Libera: unidos contra la «basuralidad»

Así se llama el proyecto promovido por la Sociedad Española de Ornitología SEO/BirdLife en alianza con Ecoembes. Su objetivo es evitar la *basuralidad* en nuestro territorio. Con el término, los responsables de esta iniciativa se refieren a las consecuencias de «tirar o abandonar residuos en entornos rurales y costeros en lugar de depositarlos en el contenedor correspondiente». «Esta acción supone un impacto negativo en la naturaleza y nuestra intención con este proyecto es concienciar a la población para que evite esta mala práctica», explican.

Puesto en marcha en 2017, el proyecto Libera se asienta en tres acciones principales. La primera es conocer, saber más acerca de esa basura que llega a nuestra naturaleza: su cantidad, composición, origen, comportamiento, áreas de acumulación, etcétera. La segunda es prevenir: consiste en poner en marcha campañas de sensibilización y concienciación «para evidenciar los efectos que el abandono

de residuos tiene en el medio ambiente y el papel que cada uno de nosotros debe desempeñar para evitarlo». La tercera se basa en la participación. Para ello, Libera fomenta la organización de salidas al campo para liberar de basuralidad el medio natural. Y lo hace, por ejemplo, a través de convocatorias en toda España. Su lema es «1m<sup>2</sup> por la naturaleza».

La próxima salida será el 15 de junio, y espera ser un éxito como las anteriores. En el 2018 más de 11.000 participantes recuperaron más de 80 toneladas de residuos en toda España. Cualquiera puede apuntarse e incluso organizar una recogida de *basuralidad* vinculada al proyecto Libera y a la iniciativa «1m<sup>2</sup> por la naturaleza». Si te apetece echar una mano, tienes toda la información en:

■ <https://proyectolibera.org/>

En cuanto a los objetivos pedagógicos del proyecto Libera, podrás encontrarlos aquí:

■ <https://bit.ly/2USbgy0>

# Biografía e bibliografía en Antonio Fraguas

Propostas para conmemorar o Día das Letras Galegas 2019


Se lle tiramos as letras *bli*, obtemos unha palabra que adoita ir canda ela ao falarmos de moitos persoeiros. Esa semellanza fónica entre *biografía* e *bi-bliografía*, entre a vida (*bio-*) e os libros (*biblos-*) sempre me pareceu máis ca casualidade. E no caso de Antonio Fraguas Fraguas, se cadra nunca fora isto tan verdadeiro. Biografía tan abondosa en anos coma en froitos bibliográficos é o que nos suxire unha vida que deixou de alumear a piques de facer os 94 anos, aos poucos meses de chantar o seu derradeiro fito na historia da cultura galega: a creación da fundación que leva o seu nome. Con ela expresaba o desexo de deixar vinculado o seu legado ao Museo do Pobo Galego (MPG), que contribuirá a instituír, para que ambos axuden á preservación e comprensión da tradición cultural de Galicia.

E, se longa en anos foi a biografía do homenaxeado no Día das Letras Galegas deste 2019 que estamos a piques de celebrar, non menos cumprida é a súa bibliografía, que suma máis de 350 publicacións. Unha produción erudita parella á herdanza bibliófila que deixou: nada menos que 12.937 libros e folletos e máis de 399 cabeceiras de publicacións periódicas de Antonio Fraguas que constituían a súa «sinxela biblioteca» forman hoxe parte da do MPG.

Esa biografía que se pechou o 5 de novembro de 1999 amencera un día dos Santos Inocentes, como lle prestaba dicir a don Antonio, de 1905. Non sería tampouco por casualidade, segundo teiman todos cantos achegamentos ao erudito lin estes días, pois todos subliñan a súa xenerosidade e bonhomía, sen sombra de dúbida. E iso que tivo ben de motivos para o resentimento, que nunca cultivou.

Case que de casualidade fixo o bacharelato no Instituto de Pontevedra (onde foi alumno, entre outros, de Castelao), pois cando os pais ían emigrar ao Brasil, un mestre de preto de Loureiro de Cotobade (o lugar de nacemento de Antonio Fraguas) convenceunos para que o deixasen estudar. Alí entrou en contacto coas Irmandades da Fala, e xa en Santiago, estudando Filosofía e Letras, ingresou no Seminario de Estudos Galegos (SEG). Nestes anos fórxanse o seu amor a Galicia e a súa vocación docente, que inicia nos institutos Provincial de Santiago e da Estrada e que compaxina co ensino na universidade e o seu labor divulgador (escribindo, impulsando bibliotecas e museos...).

Pero coa Guerra Civil comezan os anos máis duros. Xa non pode comezar o curso 36-37, acusado de simpatizar co Partido Galeguista. Na posguerra tense



ÁLVARO BALLESTEROS

Antonio Fraguas firmando a acta de constitución da fundación que leva o seu nome

que agochar dos falanxistas, o SEG é arrasado, morrérannle moitos amigos e outros tiveron que fuxir... Non pode impartir no instituto, e dá clases particulares e na universidade, e bota varios anos (vetado polos seus antecedentes políticos) para obter a cátedra de instituto de Xeografía e Historia, en 1950 (dous anos despois de obter o título de doutor na Universidad Central).

## LUGO E VOLTA A SANTIAGO

O Instituto Masculino de Lugo foi o seu primeiro destino como catedrático: «Lugo para min significou o mesmo que para frei Luís o de «Dicíamnos onte»: a liberdade. Foi a miña volta á vida académica». Como antes da guerra, tamén desde aquí, amais da súa acción académica, dá pulo a diversas iniciativas culturais. Durante esta etapa ingresa na Real Academia Galega, en 1951, como membro de número, e ocupa a cadeira que deixara baleira o seu profesor Cas-

telo. En 1959 trasladouse ao Instituto Rosalía de Castro de Santiago, o que lle daba oportunidade de estar máis próximo á universidade, pero tamén de satisfacer mellor as súas inquedanzas intelectuais.

Cómpre salientar que os recordos dos seus alumnos, tanto de Lugo como de Santiago, son sempre bos, e el sabíao: «As rapazas do Feminino [o Rosalía de Castro] queríanme moi ben, pero queríanme máis os rapaces do Instituto de Lugo». E nesta tarefa sorprende unha idea que semella avanzada para a época, mais que hoxe parece evidente: «El verbo enseñar tiene un valor que con frecuencia no le otorgan los que a él hacen referencia. Enseñar es crear una afición hacia lo que se enseña y se aprende». Con este principio, o que intentaba o profesor era achegar o alumno ao máis próximo para espertar o seu interese.

> Carlos Ocampo

## O legado do Museo do Pobo Galego

O legado de Antonio Fraguas non sei se máis importante, pero dende logo máis significativo, é a súa colaboración na creación do Museo do Pobo Galego dende que era só un proxecto, a comezos do ano 1976. Dende que foi invitado a participar converteuse, xunto co seu amigo Xaquín Lorenzo, Xocas, no alicerce do desenvolvemento deste referente etnográfico.

Se buscas na Hemeroteca de La Voz (no menú despregable ao que se accede desde a esquerda da cabeceira, e acoutando as datas de busca), poderás seguir as noticias que daban conta desta fundación. Por exemplo, a do 25 de abril de 1976 titulada «Aprobados os estatutos do Museo do Pobo Galego» ou a do 1 de agosto dese ano titulada «Onte en Santiago constituíuse o Patronato [sic] do Museo do Pobo Galego». Nesta información dábase conta, no subtítulo, da elección de Antonio Fraguas para a dirección do Museo, cargo que exerceu ata que en 1989 é nomeado presidente, trala morte de Xaquín Lorenzo.

O vínculo de Antonio Fraguas co

Museo foi moi estreito. Ao coincidir a fundación coa súa xubilación, converteuse na estación desde a que seguiu desenvolvendo o seu labor intelectual. Deste vencello, profesional e sentimental, dá conta a doazón da súa biblioteca persoal que xa mencionamos, pero tamén a fundación, bautizada na súa honra, desde a que a institución conserva e divulga o seu legado.

### VISITAR O MUSEO

Cadraría aquí falar algo máis do MPG, pero o mellor sería organizar unha visita cultural. Pódese facer por grupos escolares coa guía de persoal do museo, cun prezo de 70 céntimos por persoa, ou sen guía, por libre, de forma gratuíta. Tamén pode visitar o museo gratuitamente calquera persoa os domingos pola mañá. Máis información:

■ <http://www.museodopobo.gal/web/deac-visitas.php>

Dende esta web tamén se pode descargar unha guía didáctica centrada na figura de Antonio Fraguas:

■ <http://www.museodopobo.gal/web/fraguas.php>

## actividades

### A través dos textos

Xa dixemos que Antonio Fraguas foi un prolífico escritor. «La Galicia insólita». «Tradiciones gallegas» (1973), «Geografía de Galicia» (1953), «El traje gallego» (1985) ou «Romarías e santuarios» (1988) dan conta da súa predilección pola temática tradicional popular. Como achegamento ao autor, propomos aquí dous textos de libre descarga desde a web que poden servir para traballar na aula durante unha sesión. Un deles é o discurso de ingreso na Real Academia Galega, titulado «As coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade. Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán». O outro, «Lenda e poesía popular nas nosas rías, no noso mar», forma parte da obra colectiva «Antropoloxía mariñeira. Actas do Simposio Internacional in memoriam Xosé Filgueira Valverde», editada polo Conse-

llo da Cultura Galega. Son dúas conferencias semellantes, agás no tema, suficientemente descrito en cadanseu subtítulo. O núcleo do traballo en ambas as dúas son as coplas breves de tradición popular oral, acompañadas dunha sucinta explicación. Ligazóns:

■ Ao discurso de ingreso na RAG: <https://bit.ly/2ISDOXH>

■ A Antropoloxía mariñeira: <https://bit.ly/2GZD00Z>

### Saber máis do autor

Nestas liñas non paramos moito na biografía, nin na bibliografía, do homenaxeado, pero hai abondosa e accesible obra sobre Antonio Fraguas. De almuerzo, a que, coma cada ano, ofrece a RAG, moi completa e firmada por Clodio González Pérez, pódese consultar en

■ <https://academia.gal/letras-actual>  
Foime moi útil o artigo publicado na revista «Participación Educativa» (no número

extraordinario do 2011) «Antonio Fraguas y Fraguas (1905-1999)», de Antonio Prado Gómez, catedrático de Xeografía e Historia no instituto Lucus Augusti:

■ <https://bit.ly/2J9YREI>

E de sobremesa podmos quedar co libro que tirará do prelo La Voz o vindeiro 17 de maio, e que se poderá mercar por 1,95 euros conxunta e inseparablemente co xornal dese día. Titulado «As estancias de Antonio de Insuela», é unha completa biobibliografía redactada por María Xosé Fernández Cerviño.

### Actividades graduadas

O Seminario Galán tamén publica, en <http://seminariogalan.org/>, actividades, graduadas de 4.º de infantil a 6.º de primaria, que o mesmo se poden imprimir que resolver en liña. Engade paneis para montar unha exposición, co correspondente cartel, e un álbum de fotos.

# Es 2030?

No 2015, a ONU aprobou a Axenda 2030 sobre o Desenvolvemento Sostible, unha oportunidade para que os países e as súas sociedades emprendan un novo camiño co que mellorar a vida de todos, sen deixar a ninguén atrás. > Patricia Barciela

**F** A Axenda 2030 conta con 17 obxectivos de desenvolvemento sostible, que inclúen desde a eliminación da pobreza ata a loita contra o cambio climático, a educación, a igualdade entre sexos, a defensa do medio ambiente ou o deseño das nosas cidades. Aquí pódense descargar as iconas individuais de cada obxectivo e a roda de cores: <https://bit.ly/2qWIjFk>

**1** Erradicar a pobreza en todas as súas formas en todo o mundo.

**2** Pór fin á fame, conseguir a seguridade alimentaria e unha mellor nutrición, e promover a agricultura sostible.

**3** Garantir unha vida saudable e promover o benestar para todos e para todas as idades.

**4** Garantir unha educación de calidade inclusiva e equitativa, e promover as oportunidades de aprendizaxe permanente para todos.

**5** Alcanzar a igualdade entre sexos e empoderar a todas as mulleres e nenas.

**6** Garantir a dispoñibilidade e a xestión sostible da auga e o saneamento para todos.

**7** Asegurar o acceso a enerxías alcanzables, fiables, sostibles e modernas para todos.

**8** Fomentar o crecemento económico sostido, inclusivo e sostible, o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todos.

**9** Desenvolver infraestruturas resilientes, promover a industrialización inclusiva e sostible e fomentar a innovación.

**10** Reducir as desigualdades entre países e dentro deles.

**11** Conseguir que as cidades e as comunidades humanas sexan inclusivas, seguras, resilientes e sostibles.

**12** Garantir un consumo e unha produción sostibles.

**13** Tomar medidas urxentes para combater o cambio climático e os seus efectos (tomando nota dos acordos adoptados no foro da Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático).

**14** Conservar e utilizar de forma sostible os océanos, mares e recursos mariños para lograr o desenvolvemento sostible.

**15** Protexer, restaurar e promover a utilización sostible dos ecosistemas terrestres, xestionar de xeito sostible os bosques, combater a desertificación e deter e reverter a degradación da terra, freando a perda de diversidade biolóxica.

**16** Promover sociedades pacíficas e inclusivas para o desenvolvemento sostible, facilitar acceso á xustiza para todos e crear institucións eficaces e responsables a todos os niveis.

**17** Fortalecer unha alianza mundial para o desenvolvemento sostible.

## Thomas e os seus amigos

**F** A vida familiar xoga un papel importante para que os nenos pequenos se adapten a un mundo que cambia moi rápido. A infancia é o escenario perfecto para presentar os conceptos básicos do que significa ser un cidadán global. As leccións de vida de Thomas e os seus amigos son un recurso que che axudará a explorar habilidades esenciais coas que os nenos poden enriquecer o seu pensamento crítico e as súas habilidades de comunicación. O obxectivo é apoiar ás familias na comprensión da cidadanía global e axudar aos nenos a prosperar nun mundo máis inclusivo e en constante cambio. As historias de Thomas e os seus amigos céntranse en seis dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) deseñados para axudar aos países e aos seus cidadáns a mellorar o noso mundo.

■ <https://bit.ly/2SG0vPe>



XOÁN CARLOS GIL

Utilizar e conservar os océanos, mares e recursos mariños é un dos obxectivos de desenvolvemento sostible

## Frieda

**F** Contar contos é unha poderosa ferramenta de comunicación e axuda aos nenos para recordar ideas e habilidades que utilizarán na vida cotiá. A historia de Frieda presenta os obxectivos globais dunha forma sinxela, para que os nenos pequenos poidan relacionarse cos ODS e comprendelos mellor. A proposta, seguir a viaxe de Frieda a través da súa casa en Windhoek, Namibia, e aprender como protexer a vida na Terra, a importancia da auga, o medio ambiente e máis.

■ <https://bit.ly/2rSIByJ>

## Accións para cambiar o mundo

**F** Se buscas inspiración, o libro *170 accións diarias para cambiar nuestro mundo* achega dez suxestións diarias para cada obxectivo sobre como podes marcar unha diferenza no mundo que che rodea. Unha gran ferramenta para pais, mestres e nenos de todas as idades que podes descargar en PDF:

■ <https://bit.ly/205oY24>

## Xogando cos ODS

**F** É un xogo de mesa que ten como obxectivo ensinar aos nenos de todo o mundo sobre os obxectivos de desenvolvemento sostible dun xeito sinxelo e amable. As preguntas e respostas, as regras do xogo e máis, na ligazón.

■ <https://go-goals.org/es/>


## O club de lectura dos ODS

**F** O club de lectura ODS utiliza os libros como ferramenta para que os nenos de 6 a 12 anos interactúen cos principios dos obxectivos de desenvolvemento sostible a través dunha lista de libros de todo o mundo relacionados con cada un dos 17 ODS nos seis idiomas oficiais da ONU: árabe, chinés, inglés, francés, ruso e español.

■ <https://bit.ly/2WN8f4m>



«El cambista y su mujer» (1539).  
Marinus van Reymerswale.  
Museo Nacional del Prado



## actividades

**1** En el cuadro «El cambista y su mujer» se ve a los dos atentos a comprobar que las monedas tienen en realidad el peso que se corresponde con su valor. Averigua lo que pesa cada una de las monedas que tienes. ¿Cuánto dinero hay en un kilo de monedas de 1 euro? ¿Y en un kilo de monedas de 2 euros?

**2** Hablando de la diferencia entre valor de uso y valor de cambio, que muchas veces son muy diferentes, Adam Smith pone como ejemplos contrapuestos el agua y los diamantes. En nuestra sociedad, el valor de uso es enorme en el agua, y escaso en los diamantes, y sucede al contrario con el valor de cambio. Pon ejemplos de otros bienes donde se den esas diferencias.

**3** La tendencia a una sociedad sin dinero en metálico hace que progresivamente se vayan reduciendo las cantidades máximas que se pueden pagar en efectivo. Indica ventajas e inconvenientes de los pagos mediante tarjeta y otros medios electrónicos.

**4** El dinero es una medida del valor de las mercancías. Trata de calcular lo que costarían las armaduras de Glauco y Diomedes si lo quisieras expresar en euros.



**5** Se dice que los billetes de 500 euros fueron creados para poder mover sin problema grandes cantidades de dinero. Mil billetes de 500 euros pesan 1.140 gramos. Calcula lo que pesaría un millón de las antiguas pesetas en esos billetes morados.

**6** ¿De cuántas maneras posibles puede cambiarse un billete de 500 euros utilizando sólo billetes de 200, 100 y 50? ¿Y si utilizamos todo tipo de billetes?

# Poderoso caballero es don dinero

**C**omo es sabido, el titular de esta página es el estribillo de una letrilla satírica escrita por el genial Francisco de Quevedo en 1603. En aquellos tiempos no había elecciones, pero el dinero tenía una importancia similar a la de hoy en relación con la sociedad, sobre todo para la conquista de poder. El poeta barroco nos dice, entre otras cosas, que el dinero es potente («hace todo cuanto quiero»), supera desniveles («hace iguales al rico y al pordiosero»), otorga poderío («da autoridad al gañán y al jornalero») y hasta nos hace cambiar de amistades («al natural destierra y hace propio al forastero»). Hay que releer a Quevedo.

Contundente en la misma línea fue, ya en el siglo XIV, el arcipreste de Hita. En su *Libro de buen amor*, atizando al poder que como clérigo mejor conocía, nos advierte —dos siglos antes de la Reforma de Martín Lutero—: «Si tuvieses dineros, habrás consolación, / placer y alegría y del papa ración, / comprarás paraíso, ganarás salvación: / do son muchos dineros, es mucha bendición. / Yo vi en corte de Roma, do es la santidad / que

todos al dinero hacen grande humildad, / gran honra le hacían con gran solemnidad. / Todos a él se humillan como a la majestad. / Hacía muchos priores, obispos y abades, / arzobispos, doctores, patriarcas, potestades; / a muchos clérigos necios dábales dignidades, / hacía de verdad mentiras, y de mentiras verdades».

Como el arcipreste, cada un fala da feira segundo lle foi nela, pero la verdad es que todo el mundo opina sobre el dinero. Es uno de los ingredientes tópicos, junto a salud y amor, para la fórmula de la felicidad. Sobre esa vinculación se ha escrito mucho para las bambalinas. Se atribuye al confuso Jacinto Benavente aquello de que «el dinero no puede hacer que seamos felices, pero es lo único que compensa de no serlo», y también que «eso de que el dinero no da la felicidad son voces que hacen correr los ricos para que no los envidien demasiado.» Con mejor conocimiento

**Junto a salud y amor, el dinero es ingrediente de la fórmula típica para la felicidad**

de causa, la cantante Mistinguett, en su día la vedete mejor pagada del mundo, afirmó que «el dinero no da la felicidad, pero calma los nervios». Quizás para tranquilizarse, hace ahora un siglo ella aseguró sus piernas en 500.000 francos (unos 700.000 euros de hoy). Como cantarían en *Cabaret*: «Money makes the world go around».

Sobre ello sabía mucho Adam Smith, que fue quien primero escribió en serio sobre el tema. En su obra *La riqueza de las naciones* (1776), en el capítulo dedicado al origen y uso del dinero, recuerda que en la Antigüedad las cosas eran valoradas por la cantidad de cabezas de ganado que se entregaban a cambio; concreta que Homero escribió que mientras la armadura de Diomedes costó solo nueve bueyes, la de Glauco costó cien. Lo que Adam Smith no dice es que, si bien la del troyano Glauco era de oro, la del aqueo Diomedes era de bronce. Un ejemplo más para hablar de la diferencia entre valor de uso y valor de cambio, porque a efectos de su utilidad en combate, la armadura de bronce es superior, por ser más resistente y ligera.

> Moncho Núñez Centella

## Iipse dixit

No puedo perder el tiempo en ganar dinero

Jean L. R. Agassiz (1807-1873)

El dinero es un buen criado, pero un mal amo

Francis Bacon (1561-1626)

Los que creen que con el dinero puede hacerse cualquier cosa son indudablemente los que están

dispuestos a hacer cualquier cosa por dinero

Edine P. Beauchêne (1748-1824)

De todas las aristocracias, la peor es la del dinero

Napoleón Bonaparte (1769-1821)

Si quieres conocer el valor del dinero, trata de pedirlo prestado

Benjamin Franklin (1706-1790)

El dinero no es nada, pero mucho dinero... eso ya es otra cosa

George Bernard Shaw (1856-1950)

Los que aman el dinero no lo regalan

Arthur Miller (1915-2005)

Puedes ser joven sin dinero, pero no puedes ser viejo sin él

Tennessee Williams (1911-1983)